

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026111	CRA de Narón	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

O grupo seleccionado de 4º EP, está composto por 11 alumnos e alumnas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	SENTIMENTOS E EMOCIÓNS	Coa visualización e o traballo coa lámina pretendemos introducir o ámbito temático do primeiro trimestre do curso. Propónselle aos alumnos/as reflexionar sobre sí mesmos, sobre o seu autoconceito, e motivalos hacia a adopción de actitudes e comportamentos que	35	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	SENTIMENTOS E EMOCIÓNS	melloren o crecemento persoal. Os temas centrais son o coñecemento dun mesmo, a autoestima e o respecto dos dereitos fundamentais que esixe a dignidade persoal.	35	12	X		
2	Facendo as maletas...	Buscaremos traballar as emocións a partir das expresións, comprensións e regulacións das mesmas. Partiremos de que os alumnos/as identifiquen as súas propias emocións e as definan, as distinguan dos sentimentos e aprender a expresar ambos desde unha perspectiva de aceptación, de integración e de aprendizaxe.	35	13		X	
3	META!	Día a día observamos que non todos os nenos/as están acostumados a esperar nin a esforzarse para conseguir un obxectivo. Isto fai que teñan pouca capacidade de decisión, baixa autoestima, poucas ganas de traballar e que os leva a rendirse e a frustrarse ante calquera situación que vexan complicada. É por iso que deben ser conscientes de que non sempre se conseguen as cousas á primeira e que leva asociado sentimentos que en ocasións non saben xestionar. Buscaremos axudarlles a expresar as súas emocións e pensamentos para aprender a superar esas dificultades que poidan ir xurdindo.	30	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	SENTIMENTOS E EMOCIÓNS	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Facendo as maletas...	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	META!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os distintos produtos finais.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Basamos esta programación na aprendizaxe competencial. Teremos en conta as características deste tipo de aprendizaxe para levar a cabo os nosos proxectos.

A continuación detallamos os aspectos máis importantes na aprendizaxe competencial:

1. O punto de partida é unha situación problemática.
2. A problemática ten que ver cun tema de actualidade, a ser posible de interese por parte do alumno.
3. Os problemas gardan relación con aspectos da vida cotiá e preto aos seus intereses, preocupacións e sensibilidades.
4. Non ten un único resultado, senón que a tarefa ten un punto de partida, pero o resultado final presenta distintas manifestacións en función do alumno/a, se é unha tarefa individual ou de grupo, se é unha tarefa grupal (texto, vídeo, infografía, mapa conceptual, informe, exposición oral...)
5. Céntrase no que se denomina a aprendizaxe profunda, é dicir, a actividade ten que promover a análise, a xustificación, a predicción, a argumentación, a interpretación ou a revisión, entre outros niveis de complexidade cognitiva.
6. O destinatario final da tarefa non é o docente, senón que trascende máis aló da aula.
7. É capaz de dar unha resposta á situación inicial plantexada.
8. Precisa o coñecemento previo de determinados aspectos dunha ou varias materias ou ámbitos.
9. Non existe necesariamente unha única solución ao problema inicial plantexado.
10. Fomentan a creatividade e a curiosidade porque parten dos seus intereses, sen renunciar ao currículo.
11. Non só é unha actividade evaluable, senón que tamén é autoevaluable e coevaluable.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Aula virtual
Páxinas web
Pantalla dixital
Biblioteca de aula
Biblioteca do centro
Recursos en papel
Pizarra

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases durante a primeira avaliación consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaremos a avaliación inicial a través da observación directa, a comunicación oral e a través dos recursos da aula e o centro para saber de onde parten os coñecementos do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación.

- 40% probas escritas e orais sobre contidos, comprensión e aplicación dos mesmos.
- 60% participación, comportamento, esforzo, traballo diario e presentación e exposicións orais na aula.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do 1 ao 5 como posible resposta.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non alcance os criterios mínimos, levarase a cabo unha recuperación dos contidos a través da observación directa do traballo na aula.

6. Medidas de atención á diversidade

- Teremos en conta as características individuais dos nenos/as e adoptaremos as estratexias e actuación educativas máis axeitadas en cada caso.
- As distintas actuacións que se diseñen para a atención á diversidade deberán contemplar simultaneamente as capacidades, os intereses e as motivacións do alumnado.
- Ter a vontade de buscar propostas que permitan o maior grado de axustre entre a capacidade de aprendizaxe e as motivacións.
- As decisións que pretenden axustar a resposta educativa a diferentes características do alumnado para que este poda acceder á cultura e desenvolva ao máximo as capacidades, afectan ao P.E., ás programacións de aula e ás actividades de ensinanza aprendizaxe.

Tomaranse as medidas necesarias para que o alumnado poda recibir a resposta educativa mais axustada ás súas capacidades, elaborando material para os diferentes grupos con necesidades educativas e confeccionando os horarios cos apoios das especialidades de AL e PT e o resto de títulos que apoyan nas aulas onde hai algún tipo de necesidade.

Dende o Departamento de Orientación, facilítase todo o material necesario para traballar con aqueles alumnos/as que teñan diferentes ritmos de aprendizaxe, así como para traballar cando atopamos dificultades no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A través de reunións periódicas co DO, poñeranse en común as dificultades atopadas e traballarase para solventalas. Nas mesmas tamén se organiza o traballo para desenvolver o Plan Xeral de Atención á Diversidade con material que reforzará e facilitará o traballo de reforzo, recuperación ou ampliación para levar a cabo de forma exitosa o traballo ao longo do curso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas polo entorno.	Ao longo do curso, o alumnado realizará diferentes saídas polo entorno.	X	X	X
Realización de talleres.	Realización de talleres propostos polo concello.	X	X	X
Visitas culturais.	Realización de visitas a museos...	X	X	X

Observacións:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.

Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados